



CONCELLO DE REDONDELA

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E O CONCELLO DE REDONDELA

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

REUNIDOS



Dunha parte, D.^a Rosario Álvarez Blanco, en calidade de presidenta do Consello da Cultura Galega (en diante CCG), CIF Q-6550003-E, con sede no Pazo de Raxoi, 2º andar, praza do Obradoiro s/n, 15705 Santiago de Compostela, e con poderes suficientes para a realización deste acto en virtude do establecido na Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega (DO, núm. 102, do 9 de agosto), así como en uso das atribucións que lle confire o artigo 14 do Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG núm. 150, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. Javier Bas Corugeira, actuando en calidade de alcalde-presidente do Ilmo. Concello de Redondela, CIF P3604500C, con sede na rúa Afonso XII, núm. 2, 36800 Redondela, e con base nas atribucións que lle confire o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñecen entre si a capacidade legal para outorgar o presente protocolo e

MANIFESTAN



PRIMEIRO.- Que o Consello da Cultura Galega é unha institución creada, conforme o artigo 32 do Estatuto de autonomía, por Lei do Parlamento de Galicia (Lei 8/1983, do 8 de xullo), que ten como obxectivo a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

SEGUNDO.- Que o Concello de Redondela ten entre as súas funcións a promoción da cultura de Galicia e, en particular, o fomento de actividades que poñan en valor o patrimonio material e inmaterial do municipio.

TERCEIRO.- Que coincidindo o interese do Consello da Cultura Galega co do Concello de Redondela na promoción e difusión do coñecemento e da cultura no seo da sociedade, considérase beneficioso para ambas as dúas partes establecer e desenvolver liñas de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Este protocolo reviste o carácter de acordo marco de colaboración cultural e de asistencia mutua entre o Consello da Cultura Galega e o Concello de Redondela.

Segunda.- A colaboración mutua terá en conta, con carácter xeral, os seguintes aspectos:

- 
- a) Programación conxunta de actividades culturais de interese mutuo.
 - b) Programación conxunta de actividades de formación nas áreas de historia, lingua, literatura, ciencias sociais etc.
 - c) Realización conxunta de cursos, publicacións, conferencias, concertos e coloquios de interese mutuo.
 - d) Intercambio de publicacións, traballos de investigación e de calquera tipo de materiais didácticos que resulten de interese.
 - e) Intercambio e colaboración de todo tipo de proxectos culturais de interese común.
 - f) Elaboración, edición e distribución de materiais didácticos, de divulgación, formativos etc., en soporte variado.
 - g) Recuperación de fondos documentais.
 - h) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das disponibilidades das partes.

Terceira.- Cada un dos programas concretos de colaboración entre ambas as dúas institucións requirirá a elaboración dun proxecto específico no que figure:

- Definición dos obxectivos.
- Descrición do programa de traballo con indicación das fases e do programa.
- Formulación e aprobación do orzamento total asignado e, de ser o caso, da conseguinte partida orzamentaria.
- Relación ou previsión de participantes.
- Calquera outro aspecto que se considere relevante.

Os devanditos programas concretos poderanse plasmar nun convenio específico.



Cuarta.- O CCG e o Concello de Redondela poderán organizar actividades como as descritas en colaboración con outras institucións, comprometéndose a contribuír economicamente no desenvolvemento das citadas actividades e, de ser o caso, a xestionar conxuntamente a captación de recursos alleos.

Quinta.- O CCG e o Concello de Redondela crearán unha comisión formada por dous membros de cada institución co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como para velar polo cumprimento do presente protocolo e as súas correspondentes addendas.

Sexta.- O presente protocolo entrará en vigor para todos os efectos a partir do día da súa sinatura por ambas as dúas partes e terá unha vixencia dun ano, prorrogable nos seguintes agás que sexa denunciado por algunhas das partes asinantes.

Sétima.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este protocolo por unha das partes facultará á outra parte para rescindilo e quedarán automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o proxecto do programa realizado.

Oitava.- O presente protocolo constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación co seu obxecto e contido. Calquera modificación do mesmo terá que ser efectuada por escrito e asinada por ambas as partes.

Novena.- Sexa cal for o medio de difusión das actividades derivadas deste protocolo, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e dos termos contidos nel.

En todas as publicacións dixitais ou en papel editadas ao abeiro deste protocolo deberán figurar, con igual rango e consideración, o logotipo do Concello de Redondela e o propio do CCG.

Décima.- As persoas que asinan o presente protocolo manifestan o seu consentimento e autorización para que os seus datos persoais que contén o acordo e o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- No compromiso da transparencia e publicidade de actuación da Xunta de Galicia e segundo o disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o presente protocolo será obxecto da publicidade prevista na dita lei e será tamén publicado a teor do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- As cuestións litixiosas xurdidas no referente á interpretación, modificación, resolución e efectos deste protocolo serán resoltas por un procedemento arbitral.

E, en proba de conformidade cos termos do protocolo, as partes comparecentes asinan o presente protocolo en exemplar duplicado no lugar e datas arriba sinalados.

Polo Concello da Cultura Galega



Asdo.: Rosario Álvarez Blanco

Polo Concello de Redondela



Asdo.: Javier Bas Corugeira